



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: tramitación do expediente para a aprobación da conta xeral do ano 2025. Expte 2026/T017/000001 .

Mediante providencia de Alcaldía de data 24 de xuño de 2026, solicitouse que se formase a conta xeral do exercicio económico de 2025.

De conformidade co establecido no artigo 200.1 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na regra 88.1 da Orden HAP/1782/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo simplificado de contabilidade pública e a Interventora que subscribe procedeu a formar a conta xeral do exercicio económico de 2022 en relación coa que se emite o seguinte INFORME.

PRIMEIRO. A conta xeral é un conxunto de documentos e estados que a entidade local ten que elaborar ao final de cada ano para informar sobre:

- A situación do patrimonio, é dicir, a situación dos bens e dereitos da entidade local, do seu financiamento e dos seus préstamos e débedas ao final do ano.
- Os gastos, ingresos, beneficios e perdas da entidade local durante o ano ao que se refire a conta xeral.

A conta xeral estará integrada polas contas anuais da entidade principal e das súas entidades dependentes.

SEGUNDO. A conta xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as entidades locais para cumprir esa obriga formal de render contas, senón que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario; isto é, é o instrumento que permite á Corporación e aos administrados coñecer que se fixo durante un exercicio orzamentario, permite controlar o uso e destino que se deu a un volume máis ou menos importante de fondos públicos; é, en definitiva, un mecanismo de control.

TERCEIRO. A conta xeral das entidades locais estará integrada por:

- A da propia entidade.
- A dos seus organismos autónomos.
- As contas das sociedades mercantís de capital integramente propiedade da mesma.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

CUARTO. A conta xeral da entidade e a dos seus organismos autónomos está integrada por toda a documentación esixida pola normativa vixente, segundo o detalle e o contido que se sinala a continuación:

- a) O Balance.
- b) A conta do resultado económico-patrimonial.
- c) O estado de liquidación do orzamento.
- d) A memoria.

Ás contas anuais da propia entidade local e de cada un dos organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en caixa referidas a fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.
- En caso de discrepancia entre os saldos contables e os bancarios, estado de conciliación.
- En caso de que o Pleno da Corporación así o establecese, á conta xeral acompañaranse os estados integrados e consolidados das contas que determinase.

QUINTO. A aprobación da conta xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas.

Nembargantes, en virtude da modificación efectuada pola disposición final décimo novena da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), a partires do 1 de xaneiro de 2021, esíxese unicamente que a conta xeral tivera sido elevada ao Pleno da Corporación e que este a teña aprobado ou rexeitado, de conformidade co disposto no artigo 212.5 da TRLRFL, e posterior remisión ao órgano de control externo, neste caso, ao Consello de Contas de Galicia a través de: <https://rendiciondecuentas.es/Presentacion/home>

SEXTO. Pola resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado recoméndase aos órganos de control externo un formato normalizado para a conta xeral das entidades locais, que favoreza a homoxeneización na rendición de contas por parte destas e facilite aos devanditos órganos o establecemento de procedementos de envío das contas por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Respecto ao formato da conta xeral no modelo simplificado de contabilidade local, o punto terceiro da devandita resolución establece que a conta xeral da entidade local, integrada pola conta da propia entidade local, a conta dos seus organismos autónomos, as contas das sociedades mercantís cuxo capital pertenza integramente á entidade local e as contas das entidades públicas



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

empresariais locais, así como a documentación complementaria que debe acompañala presentárase cos formatos «pdf» e «xml», de acordo co seguinte:

— Ficheiros en formato «pdf» que conterán a información da conta xeral segundo a estrutura dos modelos de contas anuais establecidos no Plan Xeral de Contabilidade da empresa española.

— Ficheiros en formato «pdf» comprensivos da documentación complementaria a acompañar á conta xeral que se detalla a continuación:

a) Acta de arqueo das existencias en caixa na corporación e en cada organismo autónomo, a fin de exercicio.

b) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou de cada organismo autónomo, a fin de exercicio.

c) Estados de conciliación, en caso de discrepancia entre os saldos contables e bancarios.

— As contas anuais das sociedades mercantís en cuxo capital social teña participación maioritaria a entidade local.

— Os estados integrados e consolidados das contas que, de ser o caso, establece a corporación.

Un ficheiro en formato «xml» por cada entidade contable que conterá a información numérica das contas da entidade local e dos seus organismos autónomos.

O contido e a estrutura de cada ficheiro «xml» deberán cumprir as especificacións técnicas (esquemas XSD) publicadas no portal da administración orzamentaria en internet (www.igae.pap.meh.es), así como as normas sobre integridade dos ficheiros «xml», son incluídas na devandita resolución.

SÉTIMO. En canto ao modelo tipo e o procedemento de remisión telemático, terase en conta o establecido na resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a instrución que regula o formato da conta xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.

Tamén debe terse en conta a Resolución do 10 de marzo de 2020 do Consello de Contas de Galicia, pola que se ordena a publicación do Acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia, do 6 de marzo de 2020, polo que se modifica o disposto no Acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición.

OITAVO. Achégase ao presente informe de Intervención, o balance, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria, segundo os modelos e co contido regulado.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

NOVENO. O órgano interventor emitiu informe en data 03/07/2026 (do que se dará conta ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria convocada para o xoves 09/07/2026) das resolucións da Alcaldía contrarias aos reparos formulados. Tamén se remitiron ao Tribunal de Contas a través da plataforma www.rendiciondecuentas.es en data 24/06/2026 con n.º de rexistro 2026-E-RC-1330. Todo isto en cumprimento do disposto no artigo 218 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

DÉCIMO. En canto ao informe-resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que o órgano interventor debe elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, segundo establece o artigo 37 do RD 424/2017, está en proceso de elaboración, pero será emitido a fin de elevalo ao Pleno xunto co expediente da conta xeral do exercicio 2025.

CONCLUSIÓN:

De acordo con todo iso, e unha vez que foi examinada a conta xeral así formada, por esta intervención xeral **emítese informe favorable** sobre o seu contido, forma e teor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

En Coirós, a 8 de xullo de 2026.

A interventora

María Cristina Varela García

Enterado,
O alcalde

Francisco Quintela Requeijo